

PARAÍSO DE SAL

Letra: Xosé Lois Romero / Sonia Lebedynski

Música: Xosé Lois Romero

Arranxos: Xosé Lois Romero / Adapt: Sérgio Tannus

Arranxos metais: Sérgio Tannus / Jose Luis Miranda

VOU VIRANDO CO MUNDO, MUDANDO COS DÍAS E CAS NOITES,
FLÚO N ´AUGA DAS FONTES, DO AIRE ME ALIMENTO MIÑA VIDA,
VOU POUSADA NAS ÁS DUN PAXARO FECUNDO, CHEO DE CORES,
PASAXEIRA DUN ASTRO, SON Á DERIVA.

SEI DE MARES SEN ONDAS, DE PRAIAS ENXOITAS, SEN ARELAS,
SEI DE IDAS SEN VOLTAS, E TEMPOS SEN HORAS NIN ESPERAS,
ESCORADOS VIAXAMOS CARA OUTRO HORIZONTE, NAS ESTRELAS,
COMO AVES QUE EMIGRAN SEN VER OUTRA TERRA

HABERÁ UN LUGAR,
PARAÍSO DE SAL
ONDE A LÚA SE ACADA COA MAN.
UN LUGAR PARA FUXIR ,
NO MÁIS FONDO DE TI
ONDE ESCOITES A CHOIVA SORRIR.

HABERÁ UN LUGAR,
PARAÍSO DE SAL
ONDE A LÚA SE ACADA COA MAN.
UN LUGAR PARA FUXIR ,
NO MÁIS FONDO DE TI
ONDE ESCOITES A CHOIVA SORRIR.